

FARO DE VIGO

“Non se pode entender a poesía galega actual sen a obra de Ferrín”

Profesor de Filoloxía da Universidade de Vigo, presidente da Fundación Rosalía de Castro, estudoso da literatura galega e poeta e narrador el mesmo, Anxo Angueira correu a cargo da edición e do texto introdutorio de *Poesía reunida*. X.L. Méndez Ferrín (Xerais)

[Lourdes Varela](#)

19 de setembro de 2024

<https://www.farodevigo.es/faro-cultura/2024/09/19/non-pode-entender-poesia-galega-108248867.html>

–A obra poética de Ferrín, non por coñecida e recoñecida, seguramente non é (cuantitativamente) a máis lida. Vde. cre que co paso dos anos sexa a que máis perviva, superando incluso a altura da súa narrativa literaria e xornalística? Concretando: as xeracións vindeiras verán Ferrín diante de todo como poeta?

–Ás veces, o de “poeta”, con Ferrín e outros, aplicouse de xeito despectivo, para desprezar as súas posicións e o seu labor político, que no caso de Xosé Luís é extraordinario. Pero claro que é un gran poeta, como é un gran narrador e un gran autor de artigos xornalísticos, porque é un grandísimo escritor. As xeracións futuras verán Ferrín como o que é: un referente imprescindible da Galicia contemporánea e do seu proxecto de emancipación.

–Como describiría Vde. os seus primeiros poemarios? Por que autores e correntes poéticas estaba influenciado en libros como *Voce na néboa* (1957) ou *Antoloxía popular* (1972) (esta asinada como Heriberto Bens)?

–Cando un se achega ao conxunto da súa obra, pode descubrir ata que punto nos primeiros libros está embrionariamente o Ferrín posterior. Aquel mozo de dezasete anos ou así xa tiña moi claro, en prosa ou verso, o seu proxecto literario. Dalgún xeito todo está en *Voce na néboa* e en *Percival e outras historias*. Eu creo que as influencias poéticas principais a esa idade foron as escolmas de Francisco Del Riego (poesía contemporánea) e de Xosé María Álvarez Blázquez (poesía medieval), pero logo está a súa particular orixinalidade e a súa intuición visionaria ao traballar coa idea de macrotexto. Con Heriberto Bens, Ferrín incorpora as voces e o discurso da Galicia exiliada e ensaia novidosas e efectivas formas de poesía política.

–Heriberto Bens non foi un pseudónimo, senón un heterónimo (a xeito dos de Pessoa). Iso quere dicir que Ferrín recorre a Heriberto cando quere facer outro tipo de poesía diferenciada da que asinaba como Ferrín?

–Antes deste xa houbo outros pseudónimos e heterónimos. No caso de Heriberto, ademais de ter unha voz propia, era un ocultamento obrigado. Aquela poesía, polo seu carácter revolucionario, tivo que ser editada no exilio americano. Ademais, Ferrín, militante da UPG, como non ía ocultar a autoría se viña de ser condenado a dous anos de cadea por unha obra inédita, por un manuscrito? Despois, a creación do heterónimo deulle moito xogo, como llo deu Dosinda Areses. Eu mesmo ás veces penso que vou dar con Heriberto Bens á saída da Penzol, poño por caso, ou no Calexón de Núñez.

–Por que considera *Con pólvora e magnolias* (1976) como un antes e un despois na historia da literatura galega contemporánea?

–Pois pola mesma razón que considero que houbo un antes e un despois de *Cantares gallegos* ou de *De catro a catro*. Son obras que viran en todo, que poñen novos rumbos e nos abren a novos horizontes. Eu vivín de moi novo esa revolución de *Con pólvora e magnolias*. E iso que non tivo boas críticas! Pero estabamos os lectores, novos e vellos, que descubrimos todo o potencial da nosa lingua literaria naquel libro, naquel poderoso e riquísimo artefacto aberto e rompedor.

–As poéticas de Ferrín e Rosalía de Castro son, aparentemente, bastante distintas e distantes. Pero como Vde. coñece a fondo ambas: que conexións atopa entre os dous?

–Ferrín e Cunqueiro, Ferrín e Manuel Antonio, mesmo Ferrín e Pondal, son parellas poéticas posiblemente máis defendibles e poida que visualizables. O que si teño claro é que Ferrín descubriu en Rosalía de Castro un referente á hora de fuxir dos tópicos e nela advertiu unha radiografía social de referencia: as clases na aldea. Por suposto, está esoutro Ferrín permanente que chega a Rosalía por Pimentel ou polas estampas invernaes ou pola que encara a finitude desde o materialismo. Por outro lado, no libro inclúese un poema non compilado: “Laio de morte por Rosalía no Padrón” de 1971. E aínda, se se me permite, está o Ferrín amigo da Casa de Rosalía desde que esta se converteu en Casa Museo.

–É ben patente acarga política que ten todo o que escribe Ferrín. Porén, el non recorreu a iso que se chama poesía panfletaria...

–Ferrín defende o gran compromiso do escritor, que é o que debe manter coa función poética da linguaxe. Pero tamén defendeu o panfleto, a literatura en formatos de intervención e non elitistas. Aínda que nalgúns casos pode ser máis expresa ou evidente, que literatura é a que non ten, hoxe e sempre, carga política?

–Cando Vde. afirma que *Estirpe* (1994) supuxo un importante xiro estilístico e temático na poética de Ferrín, a que se refire en concreto?

–Así como *O fin dun canto* era prolongación con variantes dos camiños de *Con pólvora e magnolias*, aínda que nel achamos poemas dos máis celebrados do autor, *Estirpe* é todo un cambio de paradigma que tivo tamén un forte impacto. Desde o título, o libro vira cara ás raíces nacionais, cara ao máis ancestral e ás veces menos coñecido. Non se trata só do telúrico ou antropolóxico, senón que tamén do social e do político, do histórico e cultural e, utilizado ás veces como bandeira, do lingüístico.

–Cal estima que é a pegada máis importante da poesía de Ferrín na poesía que agora se fai en Galicia?

–Penso que non hai poetas, coa excepción de Paulino Vázquez nunha obra, que propiamente imiten a Ferrín. Pola súa especial orixinalidade, non se deixa doadamente imitar. Agora ben, a poesía contemporánea, de homes e mulleres, non se pode entender sen a de Ferrín, sen as súas achegas e os seus camiños. É unha obra que eu imaxino impresa no imaxinario da maioría dos poetas da Galicia contemporánea, que se senten defendidos pola liberdade e a disidencia que pouco a pouco foi edificando o noso autor ao longo da súa dilatada traxectoria.

–Hai unha frase que lle escoitei a Ferrín nunha entrevista: “Non se pode ser poeta todo o tempo”. Como a interpreta Vde.?

–Supoño que se refería a que se non temos moito que dicir, é mellor calar. Se é así, estou totalmente de acordo. Ademais, ás veces cómpre descansar da función poética da linguaxe e continuar a guerra con outros medios.